

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 11.07.2019 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais ante a Comisión

- 1.1 45107 (10/POC-007236)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os proxectos que se están a desenvolver para combater de raíz o problema do "Anisakis" e a valoración do Goberno galego respecto destes sistemas, así como da implicación do sector nesta tarefa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 1.2 46245 (10/POC-007371)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as previsións da Consellería do Mar referidas á realización dunha mostraxe aleatoria da existencia de ourizo de mar na Mariña lucense e, se é o caso, a valoración da posibilidade de permitir a súa extracción mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019
- 1.3 46655 (10/POC-007428)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019
- 1.4 49420 (10/POC-007823)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións ou os protocolos de investigación e protección que vai desenvolver o Goberno galego en relación co incremento da presenza de microplásticos nos ecosistemas mariños
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

- 1.5 49858 (10/POC-007878)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a valoración da Consellería do Mar respecto dos datos referidos á baixada que rexistran os permisos de explotación marisqueira en Galicia dende o ano 2009, así como as actuacións previstas para modificar a tendencia do emprego no sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019
- 1.6 50284 (10/POC-007921)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de gardacostas de Galicia para evitar minguas no servizo durante os paros programados polo cadro de persoal e a continuidade das operacións de mantemento e modernización das aeronaves "Pesca 1" e "Pesca 2", así como para garantir o servizo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 482, do 04.06.2019
- 1.7 51740 (10/POC-008032)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as razóns de Portos de Galicia para concederlle a unha empresa unha zona para a almacenaxe de contedores na explanada do porto comercial da Pobra do Caramiñal que reduce de xeito significativo a súa área de traballo nel, a valoración doutras posibles opcións e os informes que avalan a oportunidade desa concesión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019
- Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión**
- 2.1 43408 (10/PNC-003489)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación coa defensa ante a Unión Europea da pesca da quenlla e da extensión ao resto das frotas mundiais da práctica do "finning", a clarificación desta técnica e o estudo do seu custo para a frota galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Vogais

Francisco Casal Vidal

M

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais ante a Comisión

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 45107(10/POC-007236)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os proxectos que se están a desenvolver para combater de raíz o problema do "Anisakis" e a valoración do Goberno galego respecto destes sistemas, así como da implicación do sector nesta tarefa

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:15:26
Nº Rexistro: 45107
Data envío: 01/02/2019 12:15:26.807

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Ao longo do verán pasado produciuse unha importante “tormenta mediática” no eido do consumo de peixe logo de que as autoridades sanitarias decidisen aumentar a cinco días a recomendación para conxelar o pescado antes de consumilo, para diminuír o risco de infectarse co parasito do anisakis, tras detectarse supostos casos de contaxio en peixe que fora conxelado previamente.

O anisakis é un nematodo que parasita nos pescados e ao comelo pode adherirse ás paredes do estómago ou do intestino e producir lesións, ademais dunha serie de problemas dixestivos que poden chegar a ser moi graves.

Dende o primeiro momento, o sector pesqueiro galego considerou excesiva a alarma xerada, chegando a sinalar que se trata dunha campaña orquestrada e interesada que busca a baixada no consumo de peixe fresco de lonxa.

A resposta non se fixo esperar e a propia Consellería do Mar, xunto con mariñeiros, comercializadores e praceiros, trataron de neutralizar esta alarma social con campañas a través das redes sociais e dos propios medios de comunicación, xa que nun primeiro momento afectou ao consumo de peixe, principalmente de pescada.

Neste senso, vimos de coñecer proxectos moi interesantes polos cales as frotas galegas de Vigo, Celeiro e Burela están a promover estudos e traballos para eliminar a bordo dos buques o parasito do anisakis, a través de diferentes sistemas.

Por todo o sinalado, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Que proxectos se están a desenvolver para combater de raíz o problema do anisakis?
- Que valoración fai destes sistemas e da implicación do sector nesta tarefa?





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:15:26
Nº Rexistro: 45107
Data envío: 01/02/2019 12:15:26.807

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 01/02/2019 12:07:42

María Ángeles García Míguez na data 01/02/2019 12:08:21

Martín Fernández Prado na data 01/02/2019 12:08:28

Alberto Pazos Couñago na data 01/02/2019 12:08:41

Marta Rodríguez Arias na data 01/02/2019 12:08:52

María Soraya Salorio Porral na data 01/02/2019 12:09:06

Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 12:09:13



CSV REXISTRO Su1YeCxm-9

Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 46245(10/POC-007371)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as previsións da Consellería do Mar referidas á realización dunha mostraxe aleatoria da existencia de ourizo de mar na Mariña lucense e, se é o caso, a valoración da posibilidade de permitir a súa extracción mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46245
Data envío: 13/02/2019 14:09:59.037

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A semana pasada mantívose unha reunión entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e as confrarías de pescadores da Mariña lucense, que concluíu sen cambios polo conflito do ourizo de mar na Mariña, relativo ao Plan de explotación do ourizo a frote na modalidade de mergullo con subministro de aire desde a superficie (MSAS).

Por parte das confrarías da Mariña, así como pola Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo presentáronse, alegacións e escrito de rexeitamento respectivamente.

No DOG do 27 de decembro publícase a Orde do 20 de decembro de 2018 polo que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019. Nesa orde, no cadro C: “plans de xestión de equinodermos” aparece reflexado pola entidade AM Aresmar (Asociación de colectores submarinos da Mariña) na modalidade de MSAS.

As confrarías de pescadores da Mariña lucense e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo están molestos debido a que se lle dea prioridade a unha asociación privada por riba das confrarías e dos socios da Federación Provincial.

E non é porque as confrarías da Mariña queiran prohibirlles aos de a frote que recollan ourizo, senón que queren que o fagan a pé, traballando así dunha forma máis sostible e en igualdade de condicións. Os 29 mariscadores a pé que recollen ourizos realizan unha pesca sostible dos equinodermos. Ademais teñen que mirar as mareas e o estado do mar para recoller unha especie, que tarda, polo menos, 5 anos en dar o talle comercial, e con tope de 50 kg/ día por mariscador. Os de a frote, non teñen porque ter en conta as mareas e poden capturar con maiores inclemencias do tempo que os de a pé e teñen un tope de 80 kg/ día por persoa. A ratio é de 1.480 kg/ ano por mariscador a pé e 6.480 kg/ano os de a frote. Todo isto tradúcese en pesca sostible fronte a rendibilidade inmediata.

Na Mariña lucense existen 29 mariscadores a pé que extraen ourizo e dúas lanchas con 4 mergulladores.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-PSUDZ4BAT-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46245
Data envío: 13/02/2019 14:09:59.037

As confrarías entenden que o sistema a frote, coas capturas na zona submareal, condicionan a recuperación dos bancos intermareais, onde realizan a explotación os mariscadores de a pé da zona da Mariña lucense, zona esta especialmente vulnerable e dependente das poboacións de ourizo do submareal.

Se ben é certo que a día de hoxe non se mostra un descenso desta especie, tamén o é que se rexistraron ao longo destes 10 anos peches temporais dalgúns bancos, nos que se percibiu diminución da abundancia dos recursos, coincidindo nalgúns casos, coa explotación das mariscadores a frote.

A Consellería do Mar di que en función dos informes que teñen non se pode prohibir o marisqueo a frote para o ourizo (informe que o sector considera “*de parte*” xa que se ben se realizou por parte dos biólogos da Consellería do Mar realizouse a bordo das embarcacións que realizan o marisqueo a frote, e nos lugares por estes mariscadores elixidos).

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguinte preguntas:

1ª) Ten pensado a Consellería do Mar realizar unha mostraxe aleatoria da existencia do ourizo de mar na Mariña lucense, por biólogos da Consellería?

2ª) Segundo o resultado, vai o Goberno galego valorar a posibilidade de permitir ou non a extracción do ourizo mediante mergullo con subministro de aire desde a superficie, tal e como reclaman as confrarías da Mariña e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 13/02/2019 14:04:05

María Dolores Toja Suárez na data 13/02/2019 14:04:16



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 46655(10/POC-007428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar ao respecto

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:39:10
Nº Rexistro: 46655
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que esta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:39:10
Nº Rexistro: 46655
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Que cantidade anual de semente se importa, como media, con destino aos bancos marisqueiros galegos?

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiros de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiros existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres


Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 17:39:10
Nº Rexistro: 46655
Data envío: 21/02/2019 17:39:10.182

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:33:14


Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:33:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:33:26

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:33:28

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:33:29

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:33:31



CSV: 68890X7L8

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 49420(10/POC-007823)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións ou os protocolos de investigación e protección que vai desenvolver o Goberno galego en relación co incremento da presenza de microplásticos nos ecosistemas mariños

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2019 12:10:06
Nº Rexistro: 49420
Data envío: 25/04/2019 12:10:06.960



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

Son moitos os estudos que hoxe en día demostran a existencia de novas sustancias sintéticas procedentes da actividade humana nos ecosistemas mariños do país. A pesar destas evidencias soamente unha pequena parte das mesmas é obxecto de vixilancia (metais, compostos organoclorados etc.), obviando por exemplo a necesidade de analizar que outros contaminantes están afectando ao ecosistema como os microplásticos.

Un 83% do lixo que se acumula nos océanos é plástico, que aínda que puidera considerarse inerte, provoca enormes problemas de contaminación e risco para as especies mariñas, sobre todo por que os seus aditivos, especialmente os utilizados par darlles resistencia ou cor, soen ser tóxicos e poden actuar como vectores de transferencia na cadea alimentaria.

En termos da nosa economía cabe destacar como estes microplásticos afecta a disrupción endocrina dos moluscos pola actuación dos aditivos dos plásticos. Esta consideración non é menor dada a importancia biolóxica e económica dos moluscos en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

CSM-REXISTROMBW/aak7K4
Comisión 8.ª
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2019 12:10:06
Nº Rexistro: 49420
Data envío: 25/04/2019 12:10:06.960



Que accións ou protocolos, que combinen a investigación e os modelos de protección posibles ante o incremento da presenza de microplásticos nos nosos ecosistemas mariños, ten previsto realizar a Consellería ?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/04/2019 12:04:24

Paula Quinteiro Araújo na data 25/04/2019 12:04:32

CSV REXISTRO
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 49858(10/POC-007878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración da Consellería do Mar respecto dos datos referidos á baixada que rexistran os permisos de explotación marisqueira en Galicia dende o ano 2009, así como as actuacións previstas para modificar a tendencia do emprego no sector

Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 10:47:02
Nº Rexistro: 49858
Data envío: 13/05/2019 10:47:02,564



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

O IGE vén de facer públicos os datos de permisos de marisqueo a pé na comunidade galega durante os últimos anos, o resultado non pode ser máis preocupante. No 2009 cando o Sr. Feijóo chegou ao goberno había en Galicia 4281 permisos de marisqueo a pe, ao final do 2018 apenas quedaban 3792, é dicir, 500 empregos menos.

A situación é dramática, si ben é certo que o sector vén adquirindo avances, sobre todo da man da autoorganización das mulleres capaces de profesionalizar o sector e incrementar os ingresos que eran absolutamente ridículos, hoxe o problema é o seu futuro pola perda de permisos e o avellentamento que está a sufrir.


O descenso de máis dun 11,5% durante a última década demostra a ineficacia das políticas de incorporación emprendidas pola Xunta de Galicia, ás que temos que engadir a falta de apoio do Goberno central en termos de protección para as nosas mariscadoras, no relativo aos costes fixos ou ás dificultades para acceder ás prestacións de incapacidade ou xubilación.

Hoxe estes datos deberían dar lugar a unha profunda reflexión para, da man do sector, acadar os acordos e iniciativas que permitan garantir o futuro do noso marisqueo, como fonte de riqueza, pero tamén para manter a nosa personalidade como pobo.

CSM-REXISTROz4vclbH9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



O gráfico non deixa lugar a dúbidas da evolución provocada polas políticas da Conselleira Rosa Quintana, máis preocupada en manter a súa rede clientelar que en fomentar e garantir o futuro das nosas traballadoras do mar.



En base a estas consideracións, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que valoración fai a Consellería destes datos?
- 2.ª) Que vai facer para mudar a tendencia no emprego do marisqueo en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 10:47:02
Nº Rexistro: 49858
Data envío: 13/05/2019 10:47:02.564



Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 13/05/2019 10:40:17

Paula Quinteiro Araújo na data 13/05/2019 10:40:25

CSV REXISTRO
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 50284(10/POC-007921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de gardacostas de Galicia para evitar minguas no servizo durante os paros programados polo cadro de persoal e a continuidade das operacións de mantemento e modernización das aeronaves "Pesca 1" e "Pesca 2", así como para garantir o servizo

Publicación da iniciativa, 482, 04.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 12:54:24
Nº Rexistro: 50284
Data envío: 29/05/2019 12:54:24.846

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista nunca se comprendeu a venda á mesma empresa concesionaria das aeronaves que prestaban o servizo de gardacostas de Galicia, os chamados Pesca 1 e Pesca 2. Sempre defendemos que foi unha operación non planificada, na que non se tiveron en conta as consecuencias futuras nas contratacións ou mesmo no mantemento do servizo. Non foi só o Grupo Parlamentario Socialista o que criticou esta operación, xa que mesmo do Consello de Contas, naquel momento, os argumentos eran similares.

Novamente, temos que lamentar que xurde a preocupación por este servizo, xa que os traballadores e traballadoras da empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo da Xunta de Galicia, Babcock, iniciaron o 17 de maio unha serie de 27 paros de 24 horas, os cales prolongáranse ao longo deste mes e dos dous seguintes. Son varias as causas que motivan esta folga e basicamente están relacionadas coa precariedade das condicións laborais e económicas que o cadro de persoal da empresa denuncia vir sufrindo.

Independentemente das causas, o que resulta moi preocupante son as consecuencias presentes e futuras que estes paros poden ocasionar respecto do mantemento do servizo a prestar, tratándose neste caso dun servizo de gran relevancia, que debe dar resposta, entre outras cuestións, ás emerxencias no mar.

Por parte do Goberno galego é preciso esixir que se sigan levando a cabo as medidas de mantemento e modernización das aeronaves. Debe ademais velar porque o servizo se siga prestando, en condicións óptimas, independentemente dos conflitos laborais que se produzan na empresa.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Que xestións fixo o Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de gardacostas de Galicia para evitar minguas no servizo durante o paros programados polo seu cadro de persoal?

2ª. Que xestións fixo o Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de gardacostas de Galicia para asegurar que se sigan a levar a cabo as operacións de mantemento de modernización das aeronaves Pesca 1 e Pesca 2?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 12:54:24
Nº Rexistro: 50284
Data envío: 29/05/2019 12:54:24.846

3ª. Que xestións fixo o Goberno galego coa empresa concesionaria do servizo de gardacostas de Galicia para asegurar o servizo, á vista da redución do cadro de persoal que está a sufrir a empresa?

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 29/05/2019 12:51:45

Patricia Otero Rodríguez na data 29/05/2019 12:52:02



CSV: REGISTROX899d56

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 51740(10/POC-008032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns de Portos de Galicia para concederlle a unha empresa unha zona para a almacenaxe de contedores na explanada do porto comercial da Pobra do Caramiñal que reduce de xeito significativo a súa área de traballo nel, a valoración doutras posibles opcións e os informes que avalan a oportunidade desa concesión

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 12:34:27
Nº Rexistro: 51740
Data envío: 20/06/2019 12:34:27.159

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á concesión no peirao da Pobra por parte de Portos de Galiza dunha importante zona a unha empresa que reduce significativamente a área de traballo no mesmo.

O porto da Pobra do Caramiñal ten, dende a súa posta en marcha, un papel moi importante na economía non só do municipio senón tamén da comarca, pois nel se descarga gran parte dos tónidos demandados e manipulados polas firmas transformadoras ubicadas na Barbanza, e tamén fóra. Empresas como Jealsa, Ecurís, Actemsa, Albacora, Salica, Congalsa, Frinsa ou Alicrusa basean a súa fortaleza empresarial na proximidade e eficacia das instalacións da Pobra.

Non é sinxelo aportar cifras, pois a web de Portos de Galiza só informa dos datos do período 2010 a 2013. Nese cuatrienio as descargas de tónidos na Pobra do Caramiñal pasaron de 86.789TM a 110.024TM. E si atendemos as cifras dadas por medios informativos do sector, no 2015 superáronse as 114.000MT e o 2018 foi posiblemente un ano de récord.

CSM-REXISTRO00UB66f4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 12:34:27
Nº Rexistro: 51740
Data envío: 20/06/2019 12:34:27.159

Os números agora manexados son de difícil superación, pois para melloralos sería preciso acurtar o período de descarga dos buques, ou sexa, o número de días de estadía dos barcos en porto, que en algún medio se calcula en vinte ou vinte e dous días. Este tapón pode ter unha dupla orixe: a capacidade de transformación das industrias conserveiras e a de almacenamento do peixe conxelado.

Para incidir na primeira é preciso saber se as empresas teñen marxe para incrementar os seus niveis de produción máis tamén os de venta, de captación de novos e máis amplos mercados. A segunda, o almacenamento, ten, a priori, un tratamento máis doado: construír novas instalacións dunha forma rápida, económica e eficiente.

ALICRUSA, é unha empresa ubicada no polígono industrial da Tomada (A Pobra do Caramiñal) adicada ao almacenamento frigorífico de túnidos (din dispor de 30.000 metros cúbicos) e a elaboración de pratos precociñados (baixo a marca Pescasana – Cocinoyo) e tamén á produción de marca branca, que no ano 2018 obtivo da Xunta de Galiza unha axuda de 930.000 euros para a optimización dos seus procesos e sistemas de xestión no tratamento de túnidos.

Solicita a concesión dunha área de 110 x 15 metros (1.650 metros cadrados) na explanada do peirao comercial da Pobra do Caramiñal, co obxectivo de almacenar en tal superficie un máximo de 84 contedores de corenta pés (40'), agrupados en bloques de 3 (base) x 4 (altura). Estes contedores teñen a seguintes dimensións exteriores: 12,19m x 2,44m x 2,59m – largo x ancho x alto. A máis



CSV REXISTRO00006614

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/06/2019 12:34:27

Nº Rexistro: 51740

Data envío: 20/06/2019 12:34:27.159

tamén solicita a instalación de dúas estruturas metálicas de 8,70 metros de altura para o acceso aos contedores e outra serie de equipos e maquinaria conexas á instalación.

A instalación solicitada reduciría enormemente a área de traballo e tránsito do porto da Pobra do Caramiñal, na que se moven ao mesmo tempo camións, coches privados, contedores e traballadores, dificultando o movemento de vehículos e persoas e incrementando, sen dúbida, a posibilidade de accidentes con risco para as persoas que alí traballan.

Compre destacar que no mesmo lugar e momento poden estar movéndose camións abertos que transportan tñidos, contedores recibindo directamente a carga no seu interior, cintas, aparellos mecánicos e guindastres de gran porte ocupados na descarga, e tamén camións que subministren aos buque combustibles ou descarguen daqueles aceites residuais ou augas sucias.

Toda esta actividade, que xa é complicada na actualidade, desenvolveríase nun espazo considerabelmente reducido pola área concedida para almacenamento a ALICRUSA, co que iso implicaría para a seguridade das persoas.

Por outra parte, o porto da Pobra do Caramiñal conta con zonas ociosas, sen utilización práctica ningunha, nomeadamente nas inmediacións do edificio da Lonxa, que poderían acoller un amplo parque de contedores, con moi boas posibilidades de expansión, a menos de cincocentos metros da área solicitada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2019 12:34:27
Nº Rexistro: 51740
Data envío: 20/06/2019 12:34:27.159

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

Que razóns motivan a concesión da área sinalada, tendo en conta a restrición de espazo e capacidade de movemento de vehículos e traballadores que iso implicaría?

Valorou Portos de Galicia outras posíbeis ubicacións, como por exemplo os terreos ociosos detrás da lonxa? De ser así, por que se rexeitaron?

Que informes avalan a oportunidade da concesión destes terreos?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV REXISTRO00UB66f4

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/06/2019 12:34:27

Nº Rexistro: 51740

Data envío: 20/06/2019 12:34:27.159

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2019 12:19:39

Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2019 12:19:49

Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2019 12:21:28

Xosé Luis Bará Torres na data 20/06/2019 12:21:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/06/2019 12:21:43

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2019 12:21:51



CSV REXISTRO00U060f4

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 43408(10/PNC-003489)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación coa defensa ante a Unión Europea da pesca da quenlla e da extensión ao resto das frotas mundiais da práctica do "finning", a clarificación desta técnica e o estudo do seu custo para a frota galega

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43408
Data envío: 14/01/2019 14:29:18.099

Á Mesa do Parlamento.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 8ª Pesca Marisqueo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Todos sabemos que en España péscase quenlla e ademais, basicamente é a frota galega quen a captura, sempre de xeito sustentable e responsable.

A pesquería de tiburóns é unha actividade completamente legal, sempre e cando se desenvolva con arreglo ás normas actualmente en vigor, como o fai a frota galega.

Actualmente xerouse certa controversia a propósito de certos ataques de grupos ecoloxistas que forzaron a determinadas navieiras a poñer veto ao transporte deste pescado.

Esta situación provocou que o noso sector tivera que explicar en Bruxelas a metodoloxía que emprega o noso país na pesca deste escualo, onde se aproveita todo o corpo e que nada ten que ver coas prácticas doutros países.

Temos que lembrar que a frota galega de palangre de superficie cumpre escrupulosamente a lexislación en vigor non practicando o finning, isto é, cortar as aletas de tiburón para rendemento económico e tirar o resto do corpo pola borda, que está totalmente prohibido na Unión Europea.

Trátase dunha medida imposta pola UE, e dende este grupo entendemos que lle resta competitividade co resto de frotaa, polo que o sector e a administración sempre demandou que se estendese a prohibición ao resto de frotaa mundiais, entre as que algunhas é ben coñecido que si practican o finning.

CSV: REXISTRO-112079084-9
Validación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43408
Data envío: 14/01/2019 14:29:18.099

A nosa frota de palangre de superficie captura tiburóns de xeito sustentable, de feito non se capturan as especies de escualos máis vulnerables e aprovéitase integramente o que se captura.

Lembremos que ademais de ser alimento, a pel utilízase para artigo de coiro e xelatina, as súas espiñas para cosméticos, provisións médicas e para fertilizantes nitroxenados, as vísceras para aceites de lubricantes, e por último, os dentes empréganse tamén para accesorios.

Recentemente déronse casos de detencións de buques en Sao Tomé e Príncipe e na República de Irlanda realizadas en base á existencia de discrepancias sobre a interpretación da normativa e da propia praxe dos buques galegos a respecto desta cuestión. Estas paralizacións deron lugar a custes para os armadores e perdas para os tripulantes, amais de xerar unha inqedanza e incerteza debido a inseguridade xurídica que deriva desas discrepancias.

É por isto que este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Volver a demandar do Goberno de España que defenda a actividade pesqueira da quenlla, proceda a clarificar técnicamente a interpretación da práctica coñecida como “finning” e demande firmemente da Unión Europea que esta norma sexa estendida ao resto de frots mundiais e así evitar que existan diferentes condicionantes para esta práctica pesqueira, segundo a frota de cada país.
2. Promover un estudo co custe que supón esta práctica para a frota galega e se axunte á demanda realizada ao Goberno de España”.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2.019.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV REXISTRO:1207g05M-9
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43408
Data envío: 14/01/2019 14:29:18.099

Pedro Puy Fraga na data 14/01/2019 14:19:02

Teresa Egerique Mosquera na data 14/01/2019 14:20:05

María Ángeles García Míguez na data 14/01/2019 14:20:19

Martín Fernández Prado na data 14/01/2019 14:20:26

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2019 14:20:41

Marta Rodríguez Arias na data 14/01/2019 14:20:50

María Soraya Salorio Porral na data 14/01/2019 14:21:15

Daniel Vega Pérez na data 14/01/2019 14:21:23

Alberto Pazos Couñago na data 14/01/2019 14:28:00

CSV REXISTRO: 1207g05M-9
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com